



I Concurso de Esopías do IES Sanxillao

Bases

1. Poderá participar calquera alumno/a matriculado/a no IES Sanxillao. O resto do persoal do centro pode presentar Esopías fóra de concurso.
2. Os participantes presentarán unha Esopía inédita, en algunha das linguas impartidas no centro (galego, castelán, inglés, francés ou alemán), tendo en conta a definición desta:
Esopía é un relato, comentario ou poema, cun máximo de 140 caracteres (chío), onde cada palabra leva un número de letras (non está permitido o uso de cifras) igual ás sucesivas cifras do número π .

As Esopías terán un mínimo de cinco palabras.

As primeiras cifras do número π son:

3.141592653589793238462643383

3. Establécense 2 categorías:
 - a) 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO e FPBH.
 - b) 4º ESO, Bacharelato, ciclos medios e ciclos superiores.
4. Cada participante soamente pode entregar unha Esopía por idioma.
5. Os premios consistirán en: 1º Clasificado 50€, segundo clasificado 25€. Os premios entregaranse en forma de vales para a compra de material escolar.
6. Os premios poderán ser declarados desertos.
7. O Xurado será designado polo departamento de Matemáticas.
8. O prazo de entrega remata o mércores 9 de marzo de 2022, sendo a entrega de premios o luns 14 de marzo de 2022 (día de π).
9. As Esopías serán entregadas a calquera profesor/a de Matemáticas. Na parte de atrás da folla deberán incluírse os seguintes datos: Nome, apelidos e curso.
10. O centro reservase os dereitos de publicación das Esopías nos medios que considere oportunos.
11. A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como a decisión do xurado.